



Concello de **OURENSE** Cultura



# OUFF ESCOLA

BASES 2018

A Concellaría de Cultura, Normalización Lingüística e o Festival de Cine Internacional de Ourense (OUFF), en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, convoca o IX Certame de Cinema OUFF Escola, dentro da 23.<sup>a</sup> edición do Festival de Cine Internacional de Ourense, que se celebrará en 2018.

O Certame de Cinema OUFF Escola nace co obxectivo de impulsar o uso do idioma galego entre a mocidade, coñecer a visión desta sobre a súa contorna sociocultural e fomentar a creatividade audiovisual e o traballo en equipo, nunha linguaxe atractiva para o alumnado, que contribúa a xerar un espírito crítico. Este certame pretende, así mesmo, potenciar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación nos centros de ensino e crear un espazo de referencia para a mostra do audiovisual feito nas aulas.

Esta iniciativa encádrase como ferramenta dentro da **Directiva Europea de Alfabetización Mediática**, que procura dar formación á mocidade sobre o coñecemento e a avaliación do audiovisual.

"Facer cine en Galicia é posíbel.  
Facer cine en galego é necesario,  
calquera cultura que queira sobrevivir  
precisa do cine".

Chano Piñeiro



# 1

## FINALIDADE DA CONVOCATORIA

O obxectivo desta convocatoria é regular o procedemento de aceptación e participación de proxectos audiovisuais no **IX Certame de Cinema OUFF Escola** convocado polas devanditas entidades.

## PARTICIPANTES

Poderá participar o alumnado matriculado en centros públicos e privados de ensino non universitario de Galicia durante o curso 2017/2018 así como aqueles de fóra de Galicia que teñan no seu currículo materias de e en lingua galega. A participación realizarase sempre baixo a titoría dun profesor ou profesora responsábel do proxecto.

# 3

## CATEGORÍAS

Establécense dúas categorías:

A) INFANTIL E PRIMARIA

B) OUTROS NIVEIS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO  
(agás as escolas oficiais de Imaxe e Son)

# 4

## CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS

As obras deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Todos os traballos estarán en lingua galega.
- Deberán ser orixinais ou adaptacións, non comercializados, e non presentados con anterioridade a este certame.
- Modalidades: ficción, documental, animación.
- Duración: até 20 minutos, créditos incluídos.
- A temática será libre.
- Quedarán excluídos aqueles traballos que inciten ao racismo, xenofobia, homofobia e calquera tipo de violencia, así como os que atenten contra a dignidade da persoa.
- As obras presentaranse en formato dixital.
- Cada traballo non deberá conter máis dunha obra e deberá estar en perfecto estado para a súa proxección.
- Cada obra irá identificada co título, a duración e o centro de ensino de procedencia.
- De apareceren menores de idade, deberán contar coa autorización paterna e/ou materna.
- Calquera apropiación indevida de dereitos de autor –imaxe e son- ou incumprimento das bases desta convocatoria é responsabilidade directa do profesor/a ou titor/a.
- Todo o proceso de creación da película (interpretación, dirección, guión) deberá ser realizado polo alumnado ou membros da comunidade escolar.

# 5

## INSCRIPCIÓN NO CERTAME

A inscrición formalizarase enviando o cuestionario que aparece na sección de OUFF Escola da páxina web do Festival ([www.ouff.org](http://www.ouff.org)) antes do 2 de xullo 2017, totalmente cuberto e asinado polo profesor ou profesora responsábel do audiovisual.

Estas inscricións enviaranse ao seguinte enderezo:

## CONCELLO DE OURENSE (OUFF Escola)

Praza Maior, 1. 32005 • Ourense

Para a recepción dos traballos facilitarase un link privado da película e a súa clave de visionado a través de vimeo ou semellante que se enviará ao correo electrónico: [ani.cacabelos@ourense.es](mailto:ani.cacabelos@ourense.es)

# 6

## XURADO

O xurado estará composto por 5 persoas. Tres membros do xurado serán nomeados pola Concellería de Cultura e dous membros serán nomeados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Os membros do xurado valorarán os seguintes criterios:

- Calidade da obra.
- Orixinalidade do argumento.
- Autenticidade e calidade no uso da lingua.
- Potenciación de valores democráticos e de tolerancia.
- Uso creativo das novas tecnoloxías e das ferramentas de software libre.

## A DECISIÓN DO XURADO SERÁ INAPELÁBEL

As curtametraxes premiadas serán publicadas nos seguintes enderezos web:

<http://www.ouff.org>

[http://www.xunta.es/linguagalega/equipos\\_de\\_normalizacion\\_linguistica](http://www.xunta.es/linguagalega/equipos_de_normalizacion_linguistica)

# 7

## PREMIOS

OUFF Escola concederá os seguintes premios:

### Categoría A

- 1.º PREMIO: seiscentos euros para o centro.
  - 2.º PREMIO: catrocentos euros para o centro.
- Premio Blanco Amor ao Mellor Guión: trescentos euros.

### Categoría B

- 1.º PREMIO: seiscentos euros para o centro.
  - 2.º PREMIO: catrocentos euros para o centro.
- Premio Blanco Amor ao Mellor Guión: trescentos euros.

A entrega de galardóns realizarase no marco do 23º Festival de Cine Internacional de Ourense, no cal se proxectarán os traballos gañadores nas salas cinematográficas vinculadas ao Festival.

Todas as obras presentadas recibirán un certificado acreditativo da súa participación.

Non se concederán premios ex aequo. De estimar o xurado que os traballos non reúnen a calidade suficiente, os premios poderán ficar desertos.



## INFORMACIÓN ADICIONAL

- A inscrición no IX Certame de Cinema OUFF Escola implicará a total aceptación destas bases polos participantes.
- A interpretación destas, así como outros aspectos que poidan xurdir sen estaren contemplados nestas bases, serán competencia exclusiva do xurado.
- A organización resérvase o dereito de poder exhibir os audiovisuais inscritos, con fins educativos e culturais, non comerciais e sen ánimo de lucro, en actividades como ciclos, cursos de cine, xornadas de promoción e outros.
- Non se devolverán as copias dos traballos presentados.



[www.ouff.org](http://www.ouff.org)



Concello de  
**OURENSE**  
cultura



FESTIVAL DE CINE  
INTERNACIONAL  
DE OURENSE



XUNTA  
DE GALICIA